

Miranda e Reigosa compilan novas lendas referidas á auga

A flor da auga é unha obra sobre lendas galegas que asinan os lucenses Xosé Miranda e Antonio Reigosa

REDACCIÓN ■ LUGO

■ *A flor da auga* é o segundo volumen de *Lendas de Galicia. Historias de encantos, mouros, serpes e cidades mergulladas*, unha obra que asinan Xosé Miranda e Antonio Reigosa, e que leva ilustracións de Ramón Trigo. O anterior volume era o *Arrepíos e outros medos*.

Este libro, segundo da colección *Lendas de Galicia*, preparada por Miranda e Reigosa e que publica Edicións Xerais. Recolle 121 relatos lendarios nos que a auga, proveña esta de fontes, dos ríos, do mar ou do ceo, xunto cos seres da mitoloxía popular relacionados con ela son os protagonistas principais.

A flor da auga é a que se colle ao raiar o sol sobre a tona da auga das fontes ou do mar no amencer do día de San Xoán, representando o renacer cíclico anual, a volta ao comezo coma se o vello, o pasado, quedase borrado e tivésemos a oportunidade de volver comezar.

A auga na nosa literatura popular ten consideración de ser vivo: nace, come, dorme, anda e ata morre. Dá e quita a vida, cura, limpa, fertiliza, purifica; mais tamén afoga, cobre vid de homes e animais, e ata pode asolagar vilas e cidades enteiras que se chaman Alcaparra, Estabañón, Vilachá, Roma, Veiga do Real..., e moitas outras.

Auga prodixiosa, pois, que tanto fai pola beleza, polo amor



AEP

Antonio Reigosa e Xosé Miranda adoitan colaborar en libros

e pola vida, e que forma parte das crenzas herdadas dos nosos devanceiros. A recuperación de todos estes mitos e crenzas galegas arredor da auga é o propósito deste volume.

Xosé Miranda Ruíz (Lugo, 1955) e Antonio Reigosa (Zozán, Mondoñedo, 1958) levan traballando unha década na recuperación da literatura popular galega de tradición oral. Son coautores, xunto con Xoán Ramiro Cuba, do *Diccionario dos seres míticos galegos* (Xerais 1998) e dos vinte volumes dos

contos da colección *Cabalo Bugalán* (Xerais 1998-2003) recollidos e reescritos coa tradición oral coma base.

Así mesmo publicaron *Contos colorados. Narracións eróticas da tradición oral galega* (Xerais 2001), *Pequena mitoloxía de Galicia* (Xerais 2001), *Cando os animais falaban. Cén historias daquel tempo* (Xerais 2002), *Antoloxía do conto galego de tradición oral* (2002); *Arrepíos e outros medos. Historias galegas de fantasmas e terror* (Xerais 2004).